



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3**, aprobada a finais de 2014, prevé a participación dos distintos axentes do Sistema Galego de Innovación no seu seguimento, avaliación e mellora continua.

Con este obxectivo, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) está a organizar o foro **“Cara sistemas de seguimento máis eficaces para medir o impacto de RIS3 rexionais e transrexionais”**, no que se traballará conxuntamente no modelo de seguimento a implementar. Este foro terá lugar o vindeiro **17 de decembro** na sede da Axencia en Santiago de Compostela.

Este sistema de seguimento servirá para a **revisión, actualización e mellora continua das áreas e obxectivos da RIS3 Galicia**. Polo tanto, a participación activa dos axentes do sistema galego de innovación é especialmente relevante para desenvolver un sistema de indicadores que reflecta os diferentes ámbitos da I+D+I da nosa Comunidade.

Na primeira parte da xornada debaterase sobre os obxectivos, problemas e oportunidades dos sistemas de indicadores específicos para políticas de innovación, na que participarán **expertos e axentes de innovación de ámbito estatal e internacional**, que aportarán a súa experiencia e enriquecerán o debate. Na segunda parte, desenvolveranse os **talleres de traballo temáticos**.

Se desexas participar no foro, podes inscribirte na seguinte **ligazón**. Nos próximos días, enviarase o convite e o programa definitivo do evento.

Agardando que esta información sexa do teu interese,
despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera
dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.